

MESA SECTORIAL 29 DE MAIO DE 2023

Información sobre a execución de procesos selectivos e de provisión:

- **Concurso de traslados aberto e permanente de médico/a de familia:** publicación da lista provisional de adxudicación de destinos o 02/06/2023. Toma de posesión conxunta a finais de outubro do CTAP, concurso de méritos de FEAP e concurso de méritos de médico/a de familia.
- **Concurso de traslados aberto e permanente do resto de categorías:** listas provisionais de adxudicación de destinos en setembro.
- **OPE en curso** (pinche, técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, cociñeiro/a, calefactor/a, electricista, fontaneiro/a, mecánico/a, logopeda, terapeuta ocupacional, traballador/a social, telefonista, costureiro/a, lavandeiro/a, pasador/a de ferro e condutor/a): o día 5 xuño iníciase o do prazo de elección de destino telemático, sendo probable a toma de posesión en xullo.
- **OPE en curso** (FEA de cirurxía oral e maxilofacial, FEA de cirurxía pediátrica, FEA de cirurxía plástica, estética e reparadora, FEA de inmunoloxía e FEA de oncoloxía radioterápica): inicio do prazo de toma de posesión o 6 de xuño de 2023.
- **OPE pinche discapacidade intelectual e técnico/a en farmacia discapacidade intelectual:** en xullo está previsto que se convoque o acto de elección de destino.
- **Concurso de méritos de estabilización:**
 - Médico/a de familia: listas provisionais de baremación en xuño-xullo
 - PSX e TCAE: xullo listas de admitidos/as e baremación provisional.
 - Resto de categorías: setembro-outubro.